



CPR PLURILINGÜE ANDAINA

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

CPR CONCERTADO

INFANTIL-PRIMARIA-SECUNDARIA | AGUACEIROS, 21. A ZAPATEIRA-CULLEREDO (A CORUÑA)

1. MARCO NORMATIVO

Segundo recolle o artigo 115 da LOE, os titulares dos centros privados terán dereito a establecer o carácter propio dos mesmos que, en todo caso, deberá respectar os dereitos recollidos na Constitución e nas correspondentes leis. Dito carácter será establecido no proxecto educativo do Centro (P.E.) que será elaborado polo equipo directivo a instancias do titular do centro, e que quedará á disposición da comunidade educativa.

A normativa de referencia a ter en conta á hora da elaboración do Proxecto Educativo é a seguinte:

- Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE), modificada pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro (LOMCE).
- Decreto 330/2009, do 4 de Xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 374/1996, do 17 de Outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria.
- Orde do 22 de Xullo de 1997, pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da consellería de educación e Ordenación Universitaria.
- Decreto 79/2010, do 20 de Maio, para o plurilingüismo no ensino non Universitario de Galicia.
- Lei 4/2011, do 30 de Xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

O CPR Plurilingüe Andaina é un centro concertado de educación infantil, primaria e secundaria situado na zona da Zapateira dentro do concello de Culleredo, nunha contorna na cal conviven espazos naturais xunto con casas, urbanizacións colectivas e outros espazos e servizos tanto de carácter privado como público. Localízase polo tanto na área metropolitana da cidade da Coruña e linda directamente con dito concello. Podemos dicir polo tanto que a meirande parte dos nosos usuarios proveñen dun contexto urbano ou semiurbano.

Somos un Colexio xestionado por unha cooperativa de ensino, cunha longa traxectoria no eido pedagóxico. No curso 2000-2001 iniciamos o funcionamento do actual centro propoñéndonos repensar o ensino para deseñar un proposta educativa, actual, de calidade, acorde co momento social e cultural no que vivimos.

Aprendendo da nosa traxectoria pedagóxica e doutras experiencias innovadoras que teñen o mesmo obxectivo: renovar a escola.

Das enquisas sociolingüísticas que se lle pasan a todo o alumnado novo no centro no período de matrícula podemos extraer que seguimos a contar cunha grande maioría de familias e alumnado de orixe galega, cun nivel sociocultural e económico das familias do centro medio ou medio-alto. A meirande parte das familias acode ao centro polo seu proxecto educativo e a metodoloxía, priorizando estes factores sobre criterios como a proximidade ao domicilio, as instalacións ou os servizos que ofrece.

3. A COOPERATIVA E O PROXECTO EDUCATIVO

Andaina é unha cooperativa de ensino que nace en A Coruña no ano 1987. Formada inicialmente por mestras de educación infantil que buscan liderar un proxecto educativo de calidade no tramo de 0 a 6 anos, mediante a xestión dunha Escola Infantil Municipal do concello de A Coruña.

Co paso do tempo, e cun proxecto xa consolidado e de recoñecido prestixio na cidade, xurde a inquedanza de trasladar dito modelo pedagóxico a outras etapas educativas, dando continuidade así ao traballo iniciado coa alumnado nos primeiros anos da súa vida e acompañándoos ao longo da escolaridade ata o final do ensino obrigatorio.

O interese das familias que nese momento formaban parte da comunidade educativa de Andaina, a implicación do colectivo de profesionais e o apoio de distintas entidades locais, fixo posible que no ano 2000, a cooperativa ampliara a súa actividade coa construción dun centro de Educación Infantil, Primaria e Secundaria no concello de Culleredo.

Dende entón a cooperativa Andaina foi diversificando e ampliando as súas actividades, aumentando o número de socias e traballadoras que forman parte deste equipo e, sobre todo, liderando un proxecto educativo comprometido co noso alumnado, coas familias e coa sociedade.

Actualmente desenvolvemos servizos e actuacións nos ámbitos do ensino regrado, formación e asesoramento, ocio e tempo libre: campamentos de verán ou estadías no estranxeiro, son algunhas das nosas actividades diferenciais.

A NOSA MISIÓN

A educación e formación das persoas en todos os ámbitos da vida, acompañándoas na súa aprendizaxe para ser cidadáns/ás comprometidos/as e responsables, mediante un proxecto innovador e baseado na cultura cooperativa.

OS NOSOS VALORES

- Participación democrática e responsable mediante o compromiso e a cooperación.
- Cultura profesional, construída a través da formación e do intercambio de experiencias nun contexto creativo.
- Sentido crítico, entendido como capacidade de reflexión e comunicación, partindo da avaliación individual e colectiva co obxecto da mellora continua.
- Compromiso coa realidade social, cultural, económica, tecnolóxica e lingüística, respectando as diferenzas e aprendendo delas.
- Pedagogías construtivistas e innovadoras que desenvolvan competencias funcionais.

INTERCOOPERACIÓN

Dende a constitución da cooperativa no ano 1987 un dos eixos fundamentais da xestión foi a comunicación e cooperación con outras entidades tanto do ámbito educativo como cooperativo, sendo este un dos principios fundamentais establecidos pola A.C.I. (Alianza Cooperativa Internacional) e un dos sinais de identidade de Andaina.

Entre as múltiples relacións establecidas nos últimos anos destacan:

Ámbito cooperativo:

- UECOE: unión española de cooperativas de enseñanza.
- COOP57: cooperativa de banca ética.
- ESPAZOCOOP: Unión de cooperativas galegas.

Ámbito educativo:

- Centro educativo Escuela 2.
- Florida, Centre de Formació
- Universidade de A Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Atlántica centro de arte: Galería de arte
- Reserva da biosfera - Eco comedores escolares.

4. A NOSA FINALIDADE: APRENDIZAXE PARA A VIDA

En coherencia coa nosa misión e os nosos valores, o principal obxectivo na formación integral do alumnado é acadar a maior competencia en tódolos ámbitos da vida posible partindo de tres principios básicos:

APRENDER A APRENDER

Promovendo estratexias que lles permitan a aprendizaxe autónoma do noso alumnado en calquera campo ao longo da vida.

A aula concíbese como un taller onde procesos, estratexias e actitudes son instrumentos fundamentais para acceder aos conceptos. A cultura a aprender manipúlase e constrúese na aula polos nenos e nenas.

O alumno asume responsabilidades persoais que o implican nas actividades de aprendizaxe, participando na súa planificación.

O mestre planifica, orienta e secuencia o proceso de aprendizaxe e flexibiliza o proceso en función das necesidades individuais, sen perder de vista ao grupo e os obxectivos xerais a conseguir.

A nivel metodolóxico, traballamos por medio de proxectos de investigación, planificados segundo os contidos e temas do currículo. Elabórase un mapa conceptual ao principio de cada unidade para decidir que queremos aprender. A persoa que ensina xa sabe previamente cales son os obxectivos, pero o máis interesante é que este sistema está aberto aos intereses do alumnado, ás súas propostas e achegas. Acoden a fontes diversas: libros de texto, pero tamén toda a información que poden obter a través de internet, outra bibliografía, prensa, películas... Son eles mesmos quen desenvolven o contido e o tratamento da información. Salientar que así non só ensinas contidos, senón tamén estratexias de aprendizaxe e estudo: como obter a información con criterio, como subliñar, sintetizar, traballar cun índice... E isto facilita a aprendizaxe grazas a un proceso de comprensión, no canto de simple memorización. Búscase o desenvolvemento de estratexias e capacidades de investigación e construción do coñecemento: busca e consulta de diversas fontes de documentación; selección da información; análise e tratamento da mesma; extracción de conclusións...

APRENDER A SER

Definímonos como un Centro laico, que contribúe a formar persoas educadas en valores democráticos: cooperación, tolerancia, respecto, iniciativa e que se desenvolvan con autonomía e seguridade emocional.

Búscase que os alumnos xeren un marco imprescindible de actitudes e valores que garantan a consecución do aprender a aprender e a súa proxección cara á vida, respondendo a un modelo de educación integral e, por tanto, a un modelo de cidadán.

Tense como referencia o modelo de cidadanía plural -mundialmente aceptado nas sociedades democráticas- que se desprende da Declaración dos Dereitos Humanos.

Óptase por un modelo de ensino que desenvolve espazos de aprendizaxe que teñen en conta de maneira harmónica:

- A dimensión comunitaria da persoa.
- O seu proxecto persoal de vida.
- A capacidade de universalización.

APRENDER A CONVIVIR

Traballando dende as primeiras idades as habilidades e estratexias necesarias para a convivencia, o traballo en equipo e a cooperación.

Partimos de que a aprendizaxe tamén sexa cooperativa: ademais do traballo individual, créanse equipos na aula. Segundo os intereses educativos, poden ser grupos homoxéneos ou heteroxéneos, nos que interesa que non todos vaian ao mesmo ritmo para saber complementar as súas capacidades e cooperar. Establécense dinámicas de grupos e repártense roles, como o encargado do material, alguén que asuma as funcións de secretario, unha figura coordinadora... E ademais dos contidos, aprenden a traballar en equipo. O alumnado estará a aprender a relacionarse, a axudarse, a resolver conflitos, a asumir responsabilidades,... dentro da vida na aula.

As alumnas e alumnos fan asembleas para decidir sobre aspectos do día a día na aula. Nelas teñen que aprender a xestionar as quendas de palabra, a defender ideas con argumentos, a escoitar o que os demais teñen que dicir a pesar de non estar de acordo... Do mesmo xeito, as normas de convivencia na aula decídense por consenso.

Dentro do Gabinete de Orientación contamos coa figura de especialista en convivencia que traballa tanto co profesorado como directamente cos grupos de alumnos/as a través da metodoloxía de Facilitación de Grupos.

5. O NOSO IDEARIO: LIÑAS BÁSICAS QUE NOS DEFINEN

TRABALLO EN EQUIPO E FORMACIÓN INTEGRAL

Buscamos favorecer o desenvolvemento harmónico de tódalas potencialidades dos nenos e nenas a través dun traballo compartido de diferentes profesionais (titores e titoras, especialistas en Linguas, Ciencias, Artes, Educación Física, persoal do Gabinete de Orientación, etc.), para entre todas e todos crear un proxecto educativo coherente dende as primeiras idades ata o final do ensino obrigatorio.

- Compartindo criterios pedagóxicos consensuados.

- Favorecendo a formación integral dos nenos e nenas.
- Creando un proxecto educativo coherente desde as primeiras idades.

APERTURA AO EXTERIOR

Potenciamos a relación con outros profesionais e Centros educativos, así como con diferentes institucións da contorna, co obxecto de fomentar o contraste de ideas, o avance, a renovación e o enriquecemento mutuo, asumindo que só unha escola en constante diálogo coa contorna pode afrontar o reto de formar para a cidadanía activa.

- Facendo do centro un espazo de encontro e visitas.
- Enriquecéndonos no intercambio con outros profesionais e experiencias.
- Saíndo á contorna e incidindo sobre el.
- Sensibilizando sobre a situación medioambiental da nosa contorna, analizando o noso impacto sobre ela e provendo actitudes e actuacións de compromiso coa conservación e recuperación do Medio Ambiente.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, COEDUCACIÓN E MULTICULTURALISMO

Facilitamos que todas as nenas e nenos atopen o seu lugar no proceso de aprendizaxe. Respectamos e vivimos as diferenzas como algo positivo para todas e todos, e como potenciador do enriquecemento colectivo.

Entendemos á diversidade que caracteriza á sociedade actual como unha oportunidade de diálogo e enriquecemento; dende esta óptica, recoñecer, comprender e asumir a diferenza convértese nun pilar fundamental do proceso educativo:

- Abríndonos a moitas visións do mundo e non a unha única.
- Promovendo unha visión da diferenza como potenciadora do enriquecemento colectivo.
- Buscando que cada nena e neno ocupa o seu lugar na aprendizaxe.
- Potenciando o talento de cada quen, os distintos ritmos non supoñen un freo nin un listón.
- Dando peso ao colectivo e ao individual.
- Reflexionando sobre a contorna, facendo da educación unha tarefa humanizadora na que non permanecemos neutrais ante a inxustiza.
- Incorporando a perspectiva de xénero nas relacións de convivencia.
 - Facéndonos conscientes do impacto que ten nas relacións.
 - Promovendo propostas inclusivas que favorezan a igualdade de oportunidades e a equidade.
 - Incorporando unha cultura de coidados que modifique as relacións de poder.

ENSINO PLURILINGÜE

Cada lingua encerra un universo, a cosmovisión dunha colectividade humana. Entendemos que aprender unha lingua é enriquecer a personalidade, potenciar o pensamento, desenvolver habilidades sociais, ampliar horizontes vitais e educar para a democracia.

A cooperativa Andaina adquiriu un compromiso coa cultura e lingua galega dende os seus comezos no ano 1987. Iniciamos nosa “andaina” xestionando unha escola infantil de concesión municipal e xa naquel momento eramos conscientes da importancia que o modelo elixido ía ter no desenvolvemento lingüístico do alumnado.

Foi un proceso no que cada vez fomos aprofundando no significado deste e paralelamente tamén no compromiso adoptado. A tendencia foi a avanzar primeiro na teoría para logo manifestalo na práctica.

O paso da escola infantil ao colexio no ano 2000 e a continua apertura de etapas, primaria e logo secundaria, permitiron ir conformando un proxecto lingüístico actual e amplo.

O modelo de inmersión en galego como lingua vehicular vén determinado pola análise do noso contexto e pola determinación do fin último que é adquisición de competencia na lingua galega.

Nas primeiras idades, que é cando os nenos e nenas teñen maior flexibilidade para a aprendizaxe das linguas, aprender en castelán está garantido, polo seu contexto familiar e social.

No noso contexto, coexisten dúas linguas (Galego e Castelán) estando o Galego en clara desvantaxe. O alumnado que temos no centro maioritariamente é castelán falante ou se desenvolve nunha contorna castelán-falante, tendo algúns contactos puntuais coa lingua galega (avós...).

Na actualidade, desenvolvemos un proxecto plurilingüe nas tres etapas (castelán, galego, inglés e francés), cun enfoque metodolóxico comunicativo, introducindo a maiores do obrigatorio:

- Inglés en xornada lectiva en infantil (con especialista) Método Artigal.
- Áreas plurilingües en primaria e secundaria.
- Inglés en extraescolares: Games in English (infantil) e Cambridge (primaria e secundaria)
- Persoal con referente lingüístico en Inglés en comedores e xogos de mediodía (no tres etapas)
- Auxiliar de conversación en inglés en primaria e secundaria.

O desenvolvemento deste modelo lingüístico está recollido no Proxecto Lingüístico de Centro elaborado polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, seguindo as directrices do Decreto lingüístico e da LOMCE.

AS TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E O COÑECEMENTO

Os alumnos non aprenden tecnoloxía, “aprenden coa tecnoloxía, é dicir, utilízana para construír, representar e transferir os seus coñecementos durante a aprendizaxe” (Segovia, 2000: 108)

A tecnoloxía forma parte da vida persoal e profesional das persoas. Polo tanto non podemos permanecer alleas a esta realidade e son utilizadas como un recurso máis no proceso de ensino-aprendizaxe que se desenvolve en Andaina. Este compromiso coa realidade tecnolóxica concrétase nun proxecto global de Centro de integración das TAC na aula que abarca desde os 3 aos 16 anos.

Vivimos nun contexto social onde as tecnoloxías son un elemento cada día máis presente, visible e necesario nos diferentes ámbitos da vida (persoal, laboral, institucional, produtivo, lecer...). A escola debe formar cidadáns capacitados para integrarse nesa orde social e moverse nela cunha visión reflexiva e crítica, fuxindo de posturas extremas tecnofóbicas ou tecnofílicas.

A maneira máis natural de facelo é mediante a presenza dos medios tecnolóxicos como ferramenta de aprendizaxe, información e comunicación nos diferentes niveis e áreas do ensino, é dicir, configurando un proxecto de integración dos medios a nivel de Centro.

A nivel organizativo podemos falar de un modelo mixto de distribución espacial de recursos: aula de informática e computadores con conexión a internet en todas as aulas. A elección deste modelo de organización de recursos non responde en primeira instancia a razóns de tipo material ou organizativo, senón que está fundamentado no modelo pedagóxico de integración curricular dos medios. A presenza de equipos informáticos con conexión a internet en todas as aulas permite levar a cabo un traballo plenamente integrado dentro das dinámicas de ensino-aprendizaxe. Esta disposición permite o acceso dos alumnos aos recursos en calquera momento, do mesmo xeito que acontecería calquera outro espazo ou recurso da aula.

Ao mesmo tempo, a aula de informática vai permitir traballar a un número elevado de alumnos simultaneamente mentres que o computador na aula obriga a un sistema de rotación moi lento. Este espazo permite tamén compartir e aproveitar aqueles recursos especializados dos que polo seu carácter, prezo, especificidade de procesos... non podemos dispor en todas as aulas (escáner, encerado dixital)

Da conxugación dos dous modelos nace unha distribución eficaz e flexible dos recursos, que responde ás distintas necesidades e esixencias dos procesos formativos respecto aos medios.

As TAC son un mediador fundamental nos ámbitos de aprendizaxe máis significativos das diferentes idades:

A lectoescritura na Educación Infantil: dentro dun proceso lectoescritor que parte de métodos globais e da significatividade dos procesos, o emprego do computador vai permitir xerar textos reais, con sentido comunicativo auténtico (correo electrónico), á vez que permite que o neno/a

tome conciencia desde moi cedo de que o código escrito consta dun número limitado de signos cunhas formas fixas e predeterminadas, facilitando o uso dos signos de acordo a estas normas.

A aprendizaxe por proxectos na Educación primaria: A aposta por un currículo globalizado leva a elixir o traballo por proxectos como referentes fundamentais no proceso de Ensino-Aprendizaxe; é nestes proxectos de investigación onde o TIC cobran o seu máximo significado. Na metodoloxía por proxectos os coñecementos non se ordenan de forma ríxida ou disciplinar senón en torno os diferentes contidos, problemas ou hipóteses nos que os contidos e enfoques relaciónanse de maneira global facilitando no alumnado a construción de coñecementos.

En todo o proceso de procura e tratamento da información as TIC xogan un importante papel: constitúen unha fonte documental de primeira orde (artigos en liña, páxinas especializadas, foros de debate, posibilidades de comunicación directa con especialistas, enciclopedias e obras de consulta dixitais...) e son tamén unha maneira de representación da información (en moitos casos o software pode integrar os procesos mentais de representación da información, axudando a obter unha planificación máis reflexiva á hora de expor os resultados da investigación)

A aprendizaxe cooperativa na Educación Secundaria Obrigatoria: no tramo 12-16 traballamos con preadolescentes e adolescentes para os que, na actual orde social, a aprendizaxe para a convivencia convértese nun obxectivo fundamental de todo proxecto educativo. As metodoloxías de aprendizaxe cooperativa revélanse como un medio fundamental para traballar a convivencia e o respecto nas aulas.

Nas dinámicas de aprendizaxe cooperativa os alumnos/as desenvolven procesos de investigación e traballo compartidos cos seus compañeiros/as. Nestes grupos atópanse adolescentes heteroxéneos e diversos que comparten responsabilidades, desenvolven discusións e debates, contrastan diferentes fontes e experimentan fórmulas de democracia participativa para a toma de decisións. En todos estes procesos de novo as TIC emerxen como un elemento clave, pasando de ser un medio tradicionalmente individual a ser un medio de construción e expresión de significados compartidos. Un bo exemplo disto é o blogue que os alumnos e alumnas de ESO constrúen para comunicar á comunidade o desenvolvemento dun proxecto colectivo a nivel de Centro: o proxecto SOMOS.

PARTICIPACIÓN E IMPLICACIÓN DAS FAMILIAS

Definímonos como un centro aberto á comunidade. Concibimos a educación como o froito do traballo conxunto entre familias e centro.

Para o centro Andaina, a participación e implicación da comunidade é outro dos eixos fundamentais do proxecto tentando xerar un contexto de colaboración no que os valores, actitudes e actuacións apóiense en obxectivos comúns. Pensamos que é imprescindible para responder o obxectivo de alcanzar unha educación integral, no que todas as persoas implicadas

tenten conseguir os mesmos fins: o mellor desenvolvemento persoal, académico e social do alumnado.

Na etapa de secundaria, o alumnado cobra tamén un papel fundamental a nivel de participación e implicación no proxecto educativo, paralelo ao das súas familias, derivado das características evolutivas desta idade (procura de identidade, autonomía persoal, pensamento formal...). Isto implica que, a partir deste momento, os alumnos e alumnas serán tamén destinatarios e axentes dos procesos comunicativos da institución educativa, promovendo o desenvolvemento dunha autonomía baseada no exercicio da responsabilidade.

Dentro do marco de implicación e participación diferenciamos varios aspectos:

- Participación en distintos ámbitos do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Unificación de criterios e obxectivos a través do plan de acción tutorial.
- Asesoramento aos pais e nais para o desenvolvemento da súa responsabilidade educativa e de colaboración coa escola.
- Implicación a nivel de centro: o Consello Escolar e a ANPA.
- Xestión da comunicación Familia-Escola.

Como sinalabamos, as características na etapa de secundaria fan que o alumnado cobre unha maior autonomía respecto ao seu proceso de aprendizaxe. Isto implica a necesidade de desenvolver o sentido de responsabilidade respecto ao mesmo; para isto o alumnado participa tamén en titorías individuais nas que, empregando como ferramentas os boletíns de avaliación e seguimento, vaise analizando o seu proceso na aula nas diferentes áreas, vendo as necesidades existentes, puntos fortes e débiles e buscando medidas concretas e compromisos de mellora. Isto permite:

- Desenvolver estratexias de reflexión e análise sobre os propios procesos de aprendizaxe.
- Identificar as propias fortalezas e debilidades.
- Fomentar as capacidades de autoavaliación (meta reflexión).
- Incrementar a responsabilidade do alumno/a.

FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS

INFORMACIÓN INDIVIDUAL.

A través dun modelo de centro de portas abertas que permite ao mestre-titor informar regularmente as familias en relación aos progresos e dificultades individuais do alumnado na consecución dos obxectivos establecidos no proxecto curricular.

OS INFORMES DE AVALIACIÓN.

Trimestralmente, en todas as etapas, infórmase por escrito ás familias do progreso do alumnado; para isto cóntase cun modelo de comunicación que vai acompañado de orientacións que facilitan a súa interpretación.

AS TITORÍAS INDIVIDUAIS.

Planifícase un seguimento conxunto do proceso de aprendizaxe a través de titorías individuais coas familias. Concíbense como un espazo fundamental para intercambiar información personalizada do alumno ou alumna das distintas áreas do seu desenvolvemento. Tanto pais e nais como profesores e profesoras reciben a información que precisan para guiar e mellorar a súa práctica educativa nolos seus respectivos contextos: familia-escola.

Estas entrevistas desenvólvense en ausencia do neno ou nena, salvo previo acordo, sobre todo co alumnado de cursos superiores, o que permite falar máis libremente dalgunhas situacións que preocupan a pais e nais e as mestras e mestres e tratar temas máis a fondo.

AS TITORÍAS GRUPAIS.

Son dúas no curso onde cada titor ou titora convocará aos pais e nais a unha asemblea cos outros pais e nais da súa aula para transmitir información de orde xeral. Neste espazo téntase falar de información e dúbidas que preocupen a todos e a todas sen caer en aspectos concretos de cada alumno/a. Estas xuntas concíbense como espazos formativos-informativos entre a familia e os profesionais docentes. É unha fórmula que facilita o asesoramento aos pais e nais para o desenvolvemento da súa responsabilidade educativa e de colaboración coa escola.

A primeira reunión está encamiñada a:

- Presentar ao Equipo educativo responsables da educación directa dos seus fillos e fillas.
- Dar unha información das características evolutivas xerais do grupo-idade.
- Dar unha información xeral dos obxectivos fundamentais a desenvolver na aula e nas especialidades, así como das características específicas da Etapa.
- Explicar a dinámica e a liña metodolóxica seguir nos próximos meses: que facemos no colexio e na aula?, como?, cando?, que materiais empregamos?, que saída imos ter?...
- Pautas xerais de colaboración dos pais e nais nas aprendizaxes académicas.

Na segunda reunión abórdase:

- Momento actual do grupo e evolución.
- Dinámica e liña metodolóxica a seguir nos próximos meses: maior profundización no método educativo, cambios na organización e materiais, saídas, noticias, etc.
- Información e formación en temas monográficos adaptados á evolutiva e/ou intereses das familias nese momento.

AS CIRCULARES

Trátase de comunicacións de carácter urxente, nas que non queda marxe de empregar outras canles. Publícanse tanto nos taboleiros de aula como na plataforma Clickedu.

OS TABOLEIROS DE AULA

Neles expónse toda a información relativa aos procesos de ensino-aprendizaxe de cada aula (proxectos, dinámicas, saídas...). Permite levar un seguimento máis exhaustivo das temáticas, proxectos e dinámicas de aula.

O TABOLEIRO DE CENTRO

Ten a mesma filosofía que o taboleiro de aula de establecer un proceso continuo e actualizado de comunicación, pero céntrase en temáticas a nivel de centro. Existe de forma física (na entrada do centro) e virtual, como parte da plataforma Clickedu.

PARTE PRIVADA DA PLATAFORMA CLICKEDU

Permite xestionar de maneira inmediata os fluxos de comunicación do resto das canles ofrecendo unha alternativa rápida, directa e ecolóxica de información e comunicación co centro. Mantéñense as outras canles para non crear discriminacións en función dos diferentes graos de acceso á sociedade da información das familias e garantir a todos un acceso puntual e cómodo á información.

PARTE PÚBLICA DA WEB

Recolle cuestións que poidan ter repercusión en toda a comunidade educativa e social na que se move o proxecto Andaina, contribuíndo á construción conxunta e divulgación do mesmo.

ATENCIÓN DIRECTA

Entrando directamente nas aulas ou a través do correo electrónico corporativo, as familias poden comunicarse coas titoras dos seus fillos/as no día a día.

Tamén existe un horario específico semanal de atención as familias por parte dos diferentes equipos do centro, de forma que calquera familia poida concertar unha cita e resolver as súas dúbidas, inquietudes en relación aos diferentes aspectos educativos e servizos do proxecto.

6. PRINCIPAIS LIÑAS METODOLÓXICAS

Atendendo ao marco legislativo actual e as liñas filosóficas do noso Proxecto Educativo optamos por basear a nosa metodoloxía nunha serie de principios que parten de distintas propostas pedagóxicas pero que teñen un fío condutor común, o **enfoque construtivista** de aprendizaxe.

Buscaremos estratexias metodolóxicas que respondan, polo tanto, a ese enfoque e que:

- Promovan unha aprendizaxe significativa na que o alumno/a se implica na propia aprendizaxe dun xeito consciente.
- Partan dos coñecementos previos do alumnado e os integra ao longo do proceso.
- Escoiten os intereses do alumnado á hora de guiar as aprendizaxes e manter a motivación intrínseca do proxecto.

- Incorporen sistemas de traballo que respondan a agrupamentos diversos: individual, por parellas, en pequeno grupo e en gran grupo; en función da actividade a desenrolar.
- Partan dun enfoque globalizado e funcional do coñecemento onde se entende a realidade coma unha totalidade e non como fragmentos de información descontextualizados. Buscando actividades auténticas na aula, que teñan finalidade en si mesmas.
- Fomenten unha aprendizaxe para todos e todas, atendendo aos principios das intelixencias múltiples e cun enfoque inclusivo da diversidade cultural, actitudinal e competencial.
- Integren a tecnoloxía como ferramenta de aprendizaxe dende un enfoque positivo e consciente e que inclúa o emprego directo e indirecto de recursos dixitais nas diferentes fases de desenvolvemento do proceso educativo.

Atendendo a isto, dende cada área estableceranse enfoques metodolóxicos que respondan a estes principios pedagóxicos entre eles:

- ❖ **Traballo por proxectos:** segundo o modelo de Kilpatrick. Trátase dunha metodoloxía que parte dun enfoque holístico da aprendizaxe onde a partir da elección dunha temática, o grupo-aula debe desenvolver un proceso de investigación colectivo.

O enfoque pedagóxico desta metodoloxía parte dunha estruturación globalizada da aprendizaxe e non dun modelo disciplinar polo que é moi complicado abordar esta metodoloxía tal cal no actual contexto escolar claramente disciplinar e cunha marcada estrutura horaria por áreas.

No noso caso polo tanto adaptaremos os principios desta metodoloxía ao ámbito das ciencias en xeral e incorporaremos no traballo de aula distintos tipos de proxectos en función do obxectivo a conseguir:

- Tecnolóxicos: o obxectivo destes proxectos é construír algo de utilidade práctica. Por ex: construír o sistema solar, inventar receitas de cociña ou facer unha maqueta dunha máquina.
- Científicos ou experimentais: baseados máis estritamente no método científico: observar, experimentar, analizar e concluír. Por ex: facer unha colección de minerais, predicir a reacción dun determinado animal ante certos estímulos,
- Cidadáns e socioculturais: Tratan de poñer aos alumnos/as en contextos nos que actúen como cidadáns responsables e críticos que consideran problemas sociais e naturais que nos afectan, animándolles a que propoñan solucións. Por ex: elaboración de guías de saúde, campañas para evitar o quecemento global, etc.
- Proxectos mixtos: inclúen procesos e actividades de algúns dos anteriores

As fases a desenvolver neste proxectos de traballo serían:

1. **Elección do tema.** É a fase onde se aporta criterios e argumentos para o mapa de estudo e se elabora o índice individual. É o momento en que se evidencian as ideas previas do alumnado.
 2. **Planificación do desenvolvemento do tema.** A aula contrasta esa exposición de ideas previas individuais ou de aspectos que se poden traballar e define, vai valorando e planificando que é o que van a investigar dese tema, e como o poden facer. Na aula habilitarase un recanto específico do proxecto onde iremos incorporando materiais de diferente tipo (libros, revistas, murais, manipulativo, xogos...) achegados tanto polo centro como polo propio alumnado.
 3. **Busca de información.** A partir de diferentes fontes de información levan a cabo unha tarefa de busca e selección da mesma que complementa e amplía a presentada no bosquejo e argumentación inicial do proxecto.
 4. **Tratamento da información.** O alumno/a interpreta a realidade, ordénana e preséntaa. Accede a distintas formas de concibir o tema e a realidade, confrontan entre eles/elas e co mestre ou mestra opinións e extraen conclusións. Logo ordenan esa información en relación co índice que se estableceu ó principio ou cos aspectos que se estableceron a tratar, o que lles permite realizar definicións, establecer prioridades nos contidos que queren aprender, establecer relacións causais e bosquejar novas preguntas. Os nenos e nenas desenvolven os apartados sinalados nos que dixemos que podíamos traballar neste proxecto, a través de actividades.
 5. **Elaboración do dossier do proxecto:** é unha especie de portafolios de síntese dos aspectos tratados e dos que quedan abertos para futuras aproximacións por parte de toda aula.
 6. **Avaliación.** Tanto interna (autoavaliación), a que realiza cada neno e nena, na que se recapitula o que se fixo e o aprendido, como externa (observable para a mestra) mediante a cal a nena e o neno levarán e aplicarán a situacións diferentes a información traballada. As simulacións soen ser a vía afectiva para levar a cabo este proceso.
 7. **Novas perspectivas.** A partir da avaliación de todo o proceso se establecen novas preguntas para outros temas. Se abren novas perspectivas para o seguinte proxecto, ou para proxectos futuros formando un bucle continuo de significacións dentro do proceso de aprendizaxe.
- ❖ **Tarefas integradas:** é unha metodoloxía que ten principios comúns cos proxectos de traballo. Consiste en deseñar tarefas ou situacións de aprendizaxe que posibiliten a resolución de problemas e a aplicación dos coñecementos aprendidos, xa que os contidos están subordinados á acción. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o desenvolvemento das competencias clave deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos

aplicables con eficacia. As **actividades de aprendizaxe integradas** poden incluír elementos curriculares procedentes de distintos bloques. Á súa vez, estes elementos poderán formar parte de diferentes actividades e, co obxecto de mellorar os resultados, esas actividades poderán ter carácter interdisciplinario. Os elementos clave desta metodoloxía son:

- Contexto auténtico: defínese unha problemática de investigación (como resultado dunha demanda, reto, interese, ...), formulando unha pregunta, cuestión, problema,... ó que é necesario responder.
- Proceso cognitivo complexo: parte da idea de que para xerar competencia é necesario que o alumnado desenvolva procesos cognitivos complexos (taxonomía de Bloom), comprende, aplica, analiza, sintetiza, etc.
- Produto: o alumno/a deseña e desenvolve unha estratexia de comunicación do aprendido fomentando a creatividade e o emprego das TIC.
- ❖ **Aprendizaxe cooperativa**: segundo a proposta de Pere Pujolás, promoverase o emprego de estruturas de aprendizaxe cooperativa que permitan atender á diversidade da aula, aportando valor a cada unha das persoas que participan nos equipos. Para iso asinaranse roles e responsabilidades preestablecidas e farase seguimento das mesmas. Para xeneralizar o traballo dos diferentes equipos a todo o alumnado empregaremos exposicións grupais e recollida dos materiais elaborados nos diferentes equipos.
- ❖ **Método científico**: é a metodoloxía que utiliza a ciencia para dar explicación a distintos fenómenos, e enunciar leis que os modelan, obtendo en moitos casos aplicacións útiles para o home. O método científico comprende unha serie de etapas xerais e universais. Estas son:
 1. A observación dos fenómenos e a formulación do problema a resolver;
 2. Formulación de hipótese que expliquen o problema;
 3. Experimentación para validar ou rexeitar a hipótese exposta;
 4. Obtención dos resultados do experimento;
 5. Interpretación e discusión dos resultados;
 6. conclusións, aceptación ou rexeitamento da hipótese exposta.

A metodoloxía por proxectos segue os pasos do método científico. Fomenta a observación, que xurdan inquietudes e preguntas ás que darán resposta a través de diferentes fases de procura, recollida e análise da información, experimentando por si mesmos e chegando a conclusións que derivan na súa aprendizaxe ao longo de todo o proceso. Da mesma maneira que no método científico, este proceso é cíclico xa que o vivido e o aprendido pasa a formar parte das ideas e os coñecementos do alumno/a, contribuíndo a que se faga novas preguntas e a continuar aprendendo.

Todas estas propostas metodolóxicas iranse integrando ao longo das etapas que se desenvolven no centro en función da evolutiva e xunto con outros enfoques didácticos que contribúan ao obxectivo fundamental de aprendizaxe para a vida como son:

- Filosofía para nenas e nenos.
- Disciplina positiva.
- Aprendizaxe da lectoescritura segundo o modelo de Teberosky.
- Facilitación de grupos.
- Prácticas restaurativas.

PROXECTO “SOMOS”: A NOSA IDENTIDADE

Cada curso dende a apertura do centro no ano 2000, o alumnado do CPR Plurilingüe Andaina elixe unha temática común en torno á que se identifica toda a Comunidade educativa e que representa o modelo metodolóxico máis representativo do noso PE: o traballo por proxectos.

Alumnas e alumnos aproveitan este momento de elección para traballar principios democráticos que entroncan co noso ideario: participación crítica, argumentación razoada das propostas respecto ás diferentes opcións, traballo cooperativo e asembleario.

Ao longo do proceso de investigación, foméntase como eixe vertebrador do mesmo o traballo de valores e enfoque transversal da aprendizaxe, partindo sempre dos puntos claves do noso ideario e adaptando o proxecto ás diferentes evolutivas do centro.

Entre os obxectivos que nos propoñemos con este proxecto destacamos:

- Motivación, implicación e participación no desenvolvemento do proxecto.
- Vivenciar o sentimento de grupo e de pertenza á comunidade educativa, establecendo relacións co resto de alumnado, mestres, pais e nais.
- Establecer vínculos co colexio, de xeito significativo, a través da intervención nun proxecto propio e compartido.
- Intervir en actividades de grupo, de forma participativa, cooperativa e solidaria, valorando as contribucións propias e alleas, respectando os principios básicos do funcionamento democrático.
- Implicarse no proceso de facer propostas, presentación e elección dos temas, tomando un protagonismo que os reafirme nas responsabilidades derivadas da súa idade.
- Iniciarse na argumentación á hora de defender un tema, tendo en conta criterios obxectivos. Respectar as distintas técnicas que acompañan a unha argumentación: escoitar, cumprir quendas, ter en conta as opinións dos/das outros/as...

7. PRINCIPIOS DA AVALIACIÓN

Entendemos a avaliación como un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se

debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

Non só debe avaliarse o proceso de aprendizaxe da alumna/o, senón tamén o proceso de ensinanza. Neste sentido, aos datos aportados pola avaliación continua do alumnado será necesario engadir outros datos referentes á validez da programación das actividades de ensinanza deseñadas, dos recursos materiais e persoais empregados, dos tempos e espazos previstos, da agrupación de alumnos, dos criterios de avaliación aplicados e da propia actuación do equipo docente.

A avaliación da propia práctica docente do profesorado, ben sexa de forma individual ou do conxunto do equipo docente, revélase como unha das estratexias de formación máis potentes para mellorar a calidade da ensinanza e aprendizaxe.

Finalidades da avaliación:

- Proporcionar información relevante para coñecer mellor ó alumnado.
- Valorar si se producen progresos ou dificultades no seu proceso de aprendizaxe e constatar o aprendizaxe realizado de acordo coas súas capacidades e na dirección dos obxectivos propostos.
- Detectar dificultades e tomar as decisións oportunas para a mellora do proceso de aprendizaxe do alumnado, adecuando a actuación docente de maneira que se propicie que o alumnado poda acadar ditos obxectivos.
- Compartir con outros profesores e profesoras, de forma permanente e rigorosa, reflexións sobre a práctica docente e a proposta curricular e valorar a súa adecuación ás necesidades do alumnado.
- Facilitar a toma de decisións de centro sobre a organización, funcionamento interno e programación da ensinanza, valorando estes aspectos conxuntamente nos equipos docentes (ciclo, departamento, etc.).
- Informar ó alumno ou alumna e a súa familia sobre a situación da aprendizaxe e facilitarlle orientacións de mellora.

Carácter da avaliación:

- Individualizada: promoverase unha avaliación que terá en conta as peculiaridades de cada alumna/o, da súa historia, das súas competencias curriculares e sociais asemade o contexto concreto de ensino- aprendizaxe.
- Global: referirse ao conxunto das capacidades expresadas nos obxectivos xerais de Etapa e nos estándares de aprendizaxe das diferentes áreas. Farase unha avaliación integral do alumnado e do proceso de ensino.
- Continua: integrada na dinámica do propio proceso de ensino-aprendizaxe, forma parte do mesmo. Non se limita á avaliación dos resultados senón que avalía en distintos momentos do proceso. Neste senso cumpre especial importancia a avaliación inicial. Implica un seguimento que permite reaxustar, regular, orientar e corrixir de modo sistemático o proceso educativo. Supón avaliar en diferentes contextos e situacións

ordinarias sempre que sexa posible, evitando a artificialidade das probas ou situacións específicas de avaliación.

- **Formativa:** irá dirixida a contribuír á mellora da calidade educativa. A avaliación servirá para indagar o modo en que as alumnas/os aprenden, en que momento se produce esta aprendizaxe e os problemas e dificultades cos que se atopan. O obxectivo é identificar cales son as prácticas de ensino máis axeitadas ou efectivas e con elo decidir que debe facer tanto o mestre como o alumnado.

Requisitos dos instrumentos de avaliación:

- Ser moi variados, de xeito que permitan avaliar os distintos tipos de capacidades e de contidos curriculares.
- Dar información concreta do que se pretende avaliar.
- Utilizar distintos códigos (verbais, icónicos, gráficos, numéricos, audiovisuais,...) de modo que se adecúen ás distintas aptitudes sen que o código obstaculice o contido que se pretende avaliar.
- Ser aplicables en situacións estruturadas da actividade escolar.
- Permitir avaliar a transferencia das aprendizaxes a contextos distintos daqueles nos que se adquiriron, comprobando así a súa funcionalidade.

8. ORGANIZACIÓN XERAL DO CENTRO

OFERTA EDUCATIVA

O CPR Andaina desenvolve os seguintes niveis educativos:

EDUCACIÓN INFANTIL	2º CICLO	4ºEI
		5ºEI
		6ºEI
EDUCACIÓN PRIMARIA	NIVEIS	1ºEP
		2ºEP
		3ºEP
		4ºEP
		5ºEP
		6ºEP
EDUCACIÓN SECUNDARIA	1º CICLO	1ºESO
		2ºESO
		3ºESO
	2º CICLO	4ºESO

ESTRUTURA ORGANIZATIVA

O cadro de persoal está formado polo profesorado adscrito ás diferentes etapas e o persoal de administración e servizos.

Órganos de goberno (Decreto 324/96 do 26 de xullo e Orde do 1 de agosto de 1997).

- Unipersoais: Directora Pedagóxica, Xefa de Estudos e Secretaria.
- Colexiados: Consello escolar e Claustro de profesores.

Órganos de coordinación docente:

- Comisión de coordinación pedagóxica.
- Departamentos didácticos
- Departamento de orientación.
- Titorías de aula.
- Equipo de dinamización e normalización lingüística.
- Departamento de actividades extraescolares e complementarias.

Outros órganos funcionais:

- Delegadas/os de grupo-aula entre o alumnado.
- Asociación de nais e pais: ANPA ACIO.

A composición, competencias e funcións dos diferentes órganos que forman a estrutura organizativa do centro, están recollidos no documento de Normas de Organización e Funcionamento (NOF).

PARTICIPACIÓN E COLABORACIÓN COAS INSTITUCIÓN

Dende os inicios do proxecto, Andaina mantén contacto e colabora cos distintos departamentos do concello de Culleredo ao que pertence, especialmente con:

- **Servizos sociais:** participando en programa que se desenvolven dende alí, colaborando no seguimento e intervención con alumnado e familias a nivel individual, etc.
- **Educación:** participando nas actividades promovidas dende o propio concello, asistindo ás comisións de escolarización, colaborando na implantación de programas, etc.
- **Urbanismo e seguridade cidadá:** facendo propostas de mellora en relación ao proxecto (mellora dos accesos ao centro, regulación do tráfico, construción...)

A maiores, e na liña de cooperación establecida no noso ideario, colaboramos tamén dende os inicios do proxecto con:

- **Universidades:** tanto na acollida de alumnado en practicas nos distintos niveis educativos como na colaboración en proxectos de investigación.
- **Entidades culturais e sociais:** implicándonos como axentes activos na difusión e revalorización da nosa cultura (galerías de arte, movementos de renovación pedagóxica, entidades de defensa da lingua galega, etc.)
- **Organismos institucionais:** a través da participación en programas oficiais (plan proxecta, proxecto Abalar, centros plurilingüe...) como no traballo no día a día coa Inspección Educativa, os distintos representantes da Administración, organización patronais e profesionais, etc.

9. GABINETE DE ORIENTACIÓN PSICOPEDAGÓXICA

O Gabinete de Orientación é un departamento imprescindible do Proxecto Educativo Andaina. É o equipo que permite dar coherencia ao noso modelo ao longo das diferentes etapas dende un enfoque de prevención e desenvolvemento integral.

Está ao servizo do Centro, do alumnado, dos docentes e das familias, que son os primeiros que valoran as necesidades e orientan na súa relación directa coa Comunidade educativa.

Está formado por un equipo multidisciplinar de profesionais que reflexiona e innova permanentemente sobre os modos de levar a cabo a orientación e a práctica educativa no Centro, anticipándose así ás necesidades sociais.

É o nexa de unión entre todos os docentes das distintas etapas educativas, ten como función velar pola coherencia do proxecto educativo, promovendo e elaborando protocolos para garantir o seguimento do mesmo, promovendo a reflexión compartida e recollendo propostas do equipo docente co obxectivo da mellora continua do proxecto.

A existencia deste servizo permite dispoñer no noso centro de:

- **Orientadora/s psicopedagóxicas** para as distintas etapas.
 - En Secundaria a orientadora psicopedagóxica dispón de 16 h semanais pagadas pola Consellería de Educación dentro de Pago delegado.
 - En Infantil e Primaria esta figura non está contemplada dentro do concerto educativo, polo que a vía de financiamento é a través da tarifa de “gabinete de orientación”.
- Mestras de **Pedagoxía Terapéutica e/ou Audición e linguaxe**. Especialista contemplada dentro do concerto para a etapa de educación primaria.
- **Logopedia:** figura que traballa co alumnado de infantil e primeiros cursos de primaria e subvencionase a través da tarifa de “gabinete de orientación”.

- **Especialista en Convivencia.** É unha figura moi importante no proxecto Andaina que non está contemplada dentro do concerto. Permite entre outros abordar obxectivos vinculados a:
 - o Asesorar ao equipo docente en calquera ámbito da convivencia.
 - o Formar ao alumnado e aos docentes en estratexias que facilitan a convivencia e a xestión dos conflitos (mediante técnicas como Pensa-Escoita, Foros, Café-Diálogo, etc.)
 - o Formar aos docentes e alumnado en relación á prevención do maltrato e o acoso, educación afectivo-sexual, resolución de conflitos, etc.
 - o Formar ás familias en aspectos relacionados coa convivencia e a igualdade a través dos monográficos nas xuntanzas grupais de familias.

- **Persoal de apoio** en aula que posibilita traballar con parella educativa en momentos concretos da xornada lectiva. Isto permite atender mellor os diferentes ritmos do alumnado en aula, reforzando e apoiando a labor docente e permitindo desenvolver dinámicas de: metodoloxía aberta, desdobres de grupo para asentar contidos fundamentais, reforzo das aprendizaxes instrumentais básicas, etc. Estas figuras están tamén subvencionadas coa tarifa de “gabinete de orientación”.

QUE FACEMOS?

A existencia do Gabinete aporta un valor engadido ao proxecto, permitindo desenvolver os principios e valores do noso ideario, ofrecendo unha mellor calidade educativa e promovendo e facilitando o desenvolvemento integral do noso alumnado a través da dinamización de:

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Asesorando e coordinando á Comunidade educativa, ofrecendo materiais e soporte técnico para desenvolver Programas Educativos na aula.

Promovendo a cooperación entre o Centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Propoñendo e deseñando programas de intervención e prevención de dificultades para o conxunto do alumnado.

Colaborando na detección de necesidades educativas no alumnado, na avaliación psicopedagóxica e no deseño de medidas educativas.

Coordinándonos con outros profesionais externos, servizos ou institucións para establecer accións e pautas conxuntas.

PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL

Traballando directamente co alumnado, orientándoos nos procesos de análise, reflexión e toma de decisións sobre a súa traxectoria académica e profesional.

Facilitándolle ao alumnado e ás familias apoio e asesoramento para afrontar situacións escolares de maior dificultade.

PLAN DE CONVIVENCIA

Fomentando a prevención dos conflitos mediante procesos de acción-reflexión nos que o alumnado é o principal protagonista.

Formando e implicando ao alumnado para que forme parte activa na mellora da convivencia a través da creación de equipos de mediación.

CINCO RAZÓN

- 1 A prevención como prioridade.
- 2 Todas somos diversas nalgún momento ao longo da vida escolar.
- 3 Orientación e práctica educativa para atender ás necesidades do centro.
- 4 Ao servizo das familias, do alumnado e dos docentes.
- 5 Equipo de profesionais expertos: psicopedagogía, pedagogía terapéutica, audición e linguaxe, logopedia e convivencia, persoal de apoio...

10. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Enténdense por actividades complementarias todas aquelas que formando parte da programación de aula e, desenvolvéndose dentro do horario lectivo, teñen un carácter diferenciado polos momentos, espazos ou recursos que utilizan.

SAÍDAS ESCOLARES: APRENDENDO NA NOSA CONTORNA

As saídas son actividades funcionais e significativas vencelladas ao descubrimento e coñecemento da contorna próximo, e que comportan participar da vida e dos recursos sociais.

Cada curso escolar planifícanse as saídas de cada aula en función das temáticas a abordar e das características evolutivas das diferentes etapas. Ao longo de cada curso cada aula programa entre cinco e dez saídas en función da etapa.

OBRADOIROS DE INVESTIGACIÓN

Son actividades específicas vinculadas ao desenvolvemento de proxectos de investigación e innovación dende as aulas. Nelas, recibimos a persoas ou entidades referentes en distintos ámbitos da vida social e cultural da nosa contorna que desenvolven actuacións na aula cunha forte significatividade para o alumnado.

FESTAS ESCOLARES

As nosas celebracións vencéllanse a manifestacións culturais; deste xeito, as Festas son tamén unha forma de participar na Comunidade, de coñecer e respectar o patrimonio cultural e simbólico.

As principais celebracións festivas do noso Centro son: Nadal, Entroido, Letras Galegas e San Xoán. De todas elas, a máis relevante é a de Entroido, na que celebramos a identidade que cada curso escollemos no marco do proxecto “Somos”.

11. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Concibimos as actividades extraescolares en sintonía co proxecto educativo regrado, enfocándoas ao desenvolvemento integral da persoa.

Dende un enfoque lúdico, pretenden reforzar as aprendizaxes do alumnado en catro ámbitos fundamentais do desenvolvemento ao longo da súa etapa de escolaridade obrigatoria.

En función da demanda das familias e da avaliación das propias actividades, cada curso concréntanse as actividades extraescolares que se ofertan para o seguinte curso.

A solicitude de actividades pódese facer no período de formalización de matrícula. Cada mes de setembro publícanse as listaxes de actividades a desenvolver no curso escolar que empeza.

ÁMBITO DEPORTIVO

Prográmanse co obxectivo de fomentar o desenvolvemento da motricidade en xeral, a flexibilidade, a expresión corporal, a creatividade, a coordinación, o sentido do ritmo... a través da iniciación a distintos deportes tanto individuais como de equipo: tenis, baloncesto, natación, etc.

ÁMBITO CIENTÍFICO-AMBIENTAL

Propóñense actividades de descubrimento e representación do mundo que nos rodea, facendo especial fincapé nos valores medioambientais e de sustentabilidade. Atopamos aquí actividades de contacto directo co medio natural como *O horto da Xoaniña* ou de corte tecnolóxico como *Programación-Robótica*.

ÁMBITO ARTÍSTICO

Orientado á expresión de ideas e sentimentos a través das diferentes artes: teatro, pintura, música e danza, na busca de mellora da capacidade creativa e comunicativa. Potenciando o desenvolvemento musical a través da especialización nun instrumento (violín, piano, guitarra...)

ÁMBITO LINGÜÍSTICO-HUMANÍSTICO

Centrado no traballo de aspectos lingüísticos e sociais a través dun contexto lúdico e integrando distintos medios de comunicación en actividades como *Games in English* ou *Cambridge English*.

12. TRANSPORTE ESCOLAR

Este servizo está xestionado externamente por *Autocares Vázquez*, realizándose dende o Centro unha labor de supervisión de itinerarios e horarios. Ao tempo, trabállase de xeito coordinado na operativa do servizo, as normas de uso, o estilo de relación co alumnado e de resolución de conflitos, de xeito que respondan á liña educativa do Centro e estean en sintonía coa concepción e traballo de convivencia que impulsamos en Andaina.

13. SERVIZO DE COMEDOR

Xantar escolar

O momento do xantar comporta unha importante labor educativa, pois é un capítulo con entidade propia no proxecto educativo. Neste sentido, traballamos co fin de acadar uns obxectivos que consideramos fundamentais, como son:

- Desenvolvemento de hábitos alimentarios saudables.
- Aceptación por parte dos alumnos/as dunha dieta equilibrada e variada.
- Aprendizaxe das habilidades e normas relacionadas con este espazo.
- Autonomía e Responsabilidade.
- Relación social no marco do comedor.

Contando co asesoramento de nutricionistas, cada curso escolar revisamos os menús e adecuámoslos ás características das estacións do ano, aproveitando así os produtos que nos ofrece cada unha delas. Existe un menú adaptado para alumnos/as con intolerancias ou alerxias alimentarias.

Liñas que diferencian o comedor escolar de Andaina

PRODUTOS DE PRIMEIRA CALIDADE.

Buscamos produtos frescos, de tempada e de provedores locais (verduras, froitas, peixe, carnes). Empregamos en exclusiva aceites de oliva virxe extra e evitamos graxas hidroxenadas ou saturadas.

CONCEPCIÓN DO MOMENTO DO XANTAR.

Trátase dun momento de comunicación entre o alumnado e dunha oportunidade para avanzar nas súas autonomía facéndoos partícipes e responsabilizándoos neste espazo; por exemplo, establecendo responsables de mesa que colaboran para facer este momento máis cómodo ao resto de compañeiros.

EQUIPO HUMANO DE PERSOAL EDUCATIVO CUALIFICADO.

En coherencia co proxecto educativo, a presenza de persoal educativo no comedor permite seguir traballando na mesma liña metodolóxica e de convivencia empregada na aula.

14. MADRUGADORES

O CPR Plurilingüe Andaina conta cun servizo de madrugadores que permite conxugar as necesidades do alumnado coa necesaria conciliación laboral das súas familias. O servizo funciona en horario de 08:00 a 09:00 h. da mañá, permitindo entradas flexibles ao longo dese período. Pode incluír almorzo.

15. MERENDAS

Do mesmo xeito, ao remate da xornada existe a posibilidade de merendar no Centro escolar, entre as 16:00 e as 16:30 h. Este servizo está incorporado en tódalas actividades extraescolares, podendo o resto de familias empregalo de xeito habitual ou en días soltos.